

# SALDOIRA

Revista do IES Martaguisela 2020-21

*Especial aniversario!*



*“Confía no tempo que, adoita dar doces saídas a moitas amargas dificultades”*

Miguel de CERVANTES, *Novelas Exemplares*

Equipo de Dinamización da Lingua Galega





**Bach de Artes**

**Día do libro**



*Video-recital "poemas para Rosalía"*

24 febreiro.  
**ROSALÍA**

25  
novembro.



# INDICE

## XUÑO 2021

- 4 | Xela Arias: Letras Galegas 2021 -  
Xela Arias, a profesora loitadora
- 5 | Festival das Letras: revelando a Xela
- 6-7 | Relatos do Samaín
- 8 | Gústanos saber de vós: Eva  
Rodríguez
- 9 | Semana de Erasmus+
- 10 | Entretemento asegurado con  
Andrea Maceiras
- 10 | Oportunidades de emprego
- 11 | "Soño a miña pintura..."
- 12 | Aprendendo dos clásicos
- 12 | Sen excursión en 4º da ESO?
- 13 | Ola PMAR, de novo!
- 13 | Que a sorte vos acompañe!
- 14 | O noso alumnado é responsable
- 15-18 | Alumnado e persoal do IES  
Martaguisela
- 19 | Recomendamos... Ler!
- 19 | Fases do meu estado de ánimo
- 19-22 | Breves
- 23-30 | Especial 50º Aniversario



## Equipos de Dinamización da Lingua Galega

O noso IES Martaguisela vén de rematar este curso 2020-21, e xa van cincuenta! O transcórrese do tempo, con pandemia incluída na recta final cara a media centena, non fixo menoscabos nas nosas ganas de continuar traballando por un ensino de calidade nun entorno de óptima convivencia. Pero tamén seguimos fieis ao noso estilo, empeñados en publicar, outro curso máis, a nosa revista en versión impresa. Nunha sociedade tan competitiva e gobernada polos medios audiovisuais como manifestación do forte desenvolvemento tecnolóxico, insistir na letra impresa en papel é case un acto de rebeldía. E velaí tes! Cuspidiña, en esencia, á primeira publicación, intacto o espírito de recoller imaxes, momentos, palabras, persoas e algunhas, só algunhas porque son moitas, das iniciativas que collen nun curso escolar e que naceron para mellorar a formación do noso alumnado, por iso paga a pena que perduren no recordo.

**O Equipo de Dinamización da Lingua Galega quere dar as grazas a todos os que colaborastes na creación de Saldoira ao longo destes anos, sería difícil nomealos a todos, profesorado, alumnado e persoal non docente, grazas por que tamén contribuístes a darlle pulo á lingua galega, a grande obra colectiva do pobo galego, a que nos une e nos identifica, a que nos dá voz propia nun mundo plural e diverso ao que queremos sumarnos.**

**COORDINADORA**..... Marta Cortés  
**REVISIÓN ORTOGRÁFICA**..... Luisa Rigueira  
**COLABORACIÓNS**..... Manuel Agra, Alejandro Martínez, Miguel Palmer, Antela Roo, Eva Rodríguez, Rose Deus, Miguel Ortiz, Biel Moral, Ana Lozano, Sandra Ramos, Marta Zaharia, Ana María Fernández, Marta Álvarez, Pilar Fernández, Ángeles Diéguez, Manuela Álvarez, Andrea Paradelo, Nora Piay, Ana Benilde Rosa Santos, Rita Vázquez, Mercedes Arias, José María Rodríguez, Conchi Iglesias, Xosé María San Román, Elena Mondelo, Antonio Castro Voces..

## Letras Galegas 2021

# Xela Arias: Letras galegas 2021

Manuel Agra. Profesor de Lingua e Literatura Galega



A Real Academia Galega decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2021 á poeta e tradutora Xela Arias Castaño. Nada en Ortoá (Sarria) en 1962 e falecida en Vigo en 2003, toda a actividade de Xela Arias xirou arredor das palabras. Escritora -fundamentalmente poeta-, tradutora, editora e docente, a homenaxeada nas Letras Galegas de 2021 mantivo sempre un sentido de responsabilidade e rigor respecto da lingua.

Xela Arias traballou como correctora de estilo e editora en Edicións Xerais de Galicia. Coa mesma responsabilidade e rigor lingüístico realizou a tradución -dominaba varias linguas- dunha vintena de títulos de autores e autoras como James Joyce, Gianni Rodari, Angela Carter, Bram

Stoker, Jorge Amado, Fenimore Cooper, Camilo Castelo Branco, Carlos Oroza ou Baudelaire. Seguindo un criterio xeracional, habería que situar a Xela na poesía dos oitenta. A súa obra participa da renovación do discurso poético producida a partir desa década. Reivindicou a condición de muller escritora e foi unha das pioneiras dos discursos do feminismo que comezaron a proliferar dende entón. A obra poética de Xela Arias está caracterizada pola innovación e a intención transgresora da palabra.

En 1986, aparece a súa obra **Denuncia do equilibrio**. Nela explora o tema do amor buscando perspectivas innovadoras. Por outro lado, aparece a rebeldía que cuestiona a orde establecida. A súa segunda obra é **Tigres coma cabalos** (1990). Nela, móstrase o diálogo entre poesía e fotografía. O libro -en colaboración con Xulio Gil- reúne dúas dúcias de

composicións e outras tantas fotografías case todas elas de corpos espídos. En 1996, aparece o libro **Darío a diario**. Xela achégase ao territorio da maternidade e trata os cambios -para a identidade e vida cotiá da nai- que trae o nacemento do seu fillo Darío:

*Imos, meu ben, camiñar sereno  
pola cidade sen ramplas nas aceras. Imos  
comeza-lo xeito da túa vida, e mírame,  
mesmo as bolsas dos meus ollos serán monecos  
dos teus días xunta min.*

A derradeira obra poética que nos deixou Xela Arias foi **Intempériome** (2003). O mesmo título adianta o exercicio de innovación lingüística que se leva a cabo ao longo do libro. A autora reclama a liberdade, cuestiona a alienación, a asimilación, anima a aventurarse, ironizando coas conquistas do escaparate.

Comprometida coa lingua galega e implicada tamén no activismo cívico e solidario, Xela Arias constituíu un modelo para novas escritoras e escritores. Sen dúbida, estamos diante dunha das voces poderosas e orixinais da mellor poesía dos últimos anos. Oxalá a homenaxe do Día das Letras Galegas contribúa ao coñecemento e lectura da súa obra.

## Xela Arias, a profesora loitadora

Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Martaguisela



En 1991 Xela Arias retomou os estudos abandonados había máis dunha década para cursar Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo e, posteriormente, Galego-portugués. Daba comezo neste momento unha nova dedicación que acabará desembocando na que foi a súa profesión última, a de profesora de ensino secundario, vivida, segundo testemuñan as persoas que compartiron con ela a experiencia, con entusiasmo.

Conta a súa nai, Amparo Castaño no libro **Xela quixo ser ela**, que era unha muller moi loitadora como profesora: *"Sabía facerse cargo dos rapaces rebeldes, traballaba moitísimo con eles explicándolles a vida"*. Noutras páxinas do libro incide a súa nai na paixón pola escritura que ía da man da paixón pola vida e da necesidade de transmitirllas ao alumnado, cun compromiso e responsabilidade docente moi firmes:

*"Xela nunca deixará de querer aprender máis cousas, e ata se matriculará na carreira de Filoloxía Galega. E, aínda, que non chegará a rematala, ela xa conseguira un dos seus últimos soños: poder contaxiar nos institutos a emoción tan especial que sentía pola escrita.*

*Era feliz porque se sentía libre. Porque non se sentía atada á decisión que tomara aos dezoito anos. E, aínda que a súa nai tiña razón en que non fora doado, cun algo de esforzo extra todo podía lograse.*

*Era o curso 1999-2000, e estábana chamando para empezar de profesora. Entraría como substituta nun centro de Santa Comba, e máis tarde cubriría tempadas tamén en Pontevedra, en Santiago e máis en Valadares Ensinar poñíaa contenta. Estaba sendo aínda mellor do que esperaba. A experiencia de dar clases era todo un descubrimento. Adoraba escoitar á rapazada, lembrar a súa pro-*

## Letras Galegas 2021

*pia adolescencia; poñerse nas súas peles e comprender, á vez, tanta furia e sensibilidade. Igual que fixera sempre, non quería some- telos; só ensinalles algunhas cousas de igual a igual. Acompañalos. Tiñanse confianza, tamén complicidade; e do que máis valoraba eran as gargalladas e as bromas.*

*No curso 2000-2001 mandárona ao IES de Chapela. Tocoulle un grupo concreto que polo visto era conflictivo. Xela pensou que facer, tratou de achegarse a eles. A algúns alumnos gustáballes o rap. Ela descubriu e decidiu tirar dese fío. Á fin e ao cabo, a poesía esta- ba na base daquel estilo de música. Xela acabou facendo un traba- llo extraordinario con aqueles rapaces e rapazas. Abríaselles un*

*novo xeito de entenderen a literatura. Despois daquel curso veu un na Guar- da, no instituto da Sangriña. Un ano despois, o Álvaro Cunqueiro de Vigo. E no outono de 2003, o Monte Carrasco de Cangas, outro centro que lle encan- tou porque dicía que os mozos e mo- zas das vilas eran especialmente es- pontáneos. Adoraba esa viveza. E ir velos dende Vigo cada día."*



## Festival das Letras: revelando a Xela

Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Martaguisela

Como todos os anos os centros educativos públicos e concertados do Barco de Valdeorras, xuntamos esforzos para organizar actividades co gallo da Semana das Letras Galegas e, unha vez máis, en colaboración co Centro Comercial Aberto da localidade, asociación, esta última, que agrupa a establecementos comerciais diversos da vila. *Revelando a Xela* nace cun xogo de palabras, revelar significa descubrir, aportar luz sobre algo que permanecía oculto pero ao mesmo tempo facer visible unha imaxe impresa en papel fotográfico. Ambas acepcións sérvennos para os obxectivos deste proxecto: dar luz sobre unha escritora descoñecida pola maioría social, Xela Arias, e, ademais, iluminar a lingua e a cultura galegas, tantas veces na sombra e que tanto precisan desa luz para medrar e despexar camiños; por outra banda a propia poeta conxugou a fotografía coa poesía no seu libro *Tigres coma cabalos*, e esta era unha dobre homenaxe.

Pretendiamos así, *Revelando a Xela*, lograr a máxima difusión das nosas actividades, implicando a toda a comunidade educativa pero tamén fóra do centro. Para iso deseñamos a actividade en dúas vertentes:

**A) Para o alumnado dos centros de ensino do Barco:** o profesorado dos centros participantes forneceu ao conxunto do alumnado dunha serie de versos da obra de Xela Arias. Cada alumno interpretou de xeito fotográfico, segundo a súa imaxinación e sensibilidade artística, as palabras da poesía de Xela.

Con todas as fotografías realizouse unha exposición en papel, na entrada do centro, para poder premiar ás dez máis votadas entre a comunidade educativa.

As dez fotografías premiadas de cada centro, un total de 60, formaron parte da exposición que se realizou, como vén sendo costume, nos escaparates dos establecementos do Centro Comercial Aberto.

**B) Para toda a cidadanía:** quixemos conseguir a participación de toda a vila amosando estas fotografías nos escaparates dos establecementos do Barco e difundindo a actividade en prensa e nas redes sociais.

O Centro Comercial Aberto premiou os autores e autoras das fotografías o día 8 de xuño na súa sede.

Outro ano máis, coas dificultades de dinamizar en pandemia e as limitacións que iso nos supuxo- evitar xuntanzas para a exposición de todos os traballos dos centros en exteriores, nin poder formar grupos presenciais en talleres de traballo- estamos máis que satisfeitos co resultado. **Parabéns aos equipos, ao Centro comercial Aberto e aos participantes!**




# Relatos do Samaín

## No Buraco

### Relatos premiados no concurso de relatos fantásticos do Samaín

Antela Roo 4º ESO



Entón marcharon, levando consigo aqueles traxes novos do tringue, sen dirixirme unha soa palabra. Pecharon a porta con suavidade, para non espertarme, seica. Podía escoitar a chave dando varias voltas na pechadura, o pasador batendo contra un dos marcos da porta, e despois, tras uns intres de silencio, as súas pisadas esvaecendo no corredor. Preguntábame a miúdo por que carafío tiñan que encerrarme con todo o arsenal de cadeas, caravillas e demais, se eu case nin me podía mover.

Ás veces, só me levantaba para albiscar de onde viña a luz do exterior, ollando como podía por unha fisura minúscula. Por unha fenda ridiculamente pequena, que eu supoñía que deixaran alí con toda a intención, para ver a través das cámaras como me retorcí nun intento de divisar a realidade á que eu xa me sentía non pertencer. Levaba tanto tempo naquel habitáculo de mala morte que os meus recordos da vida cotiá comezaban a fragmentarse. Ou estaban completamente mesturados cos dos días do Buraco, así era como eu lle chamaba á sala, ou non tiñan sentido algún. A lembranza máis vívida que tiña case resultaba estúpida: víame botando a correr entre os soutos, na busca doutros seres tan perdidos coma min, mentres as nubes de outono deixaban atrás terras alleas, atravesando o ceo inmenso, para perderse no horizonte infindo que se abría entre a sombra dos montes. Semellaba algo irreal. Como ía ser o mundo tan grande se eu vivía entre catro paredes non moito máis altas ca min?

Un día, xa farta de espíar o exterior pola apertura, tiven a idea de pegar a orella á porta. Quería oír os pasos daqueles que se presentaban cada tarde no Buraco para facerme as mesmas preguntas ba-

leiras: "que tal durmiches? Que foi o último que soñaches? Que estás pensando? Que che gustaría facer?" Aínda que eu chegara a un punto no que xa nin contestaba. Limitábame a darlles as costas, arrincando un anaco de papel dos seus cadernos impolutos, co propósito de debuxar freneticamente aquelas memorias distantes que probablemente serían produto da miña imaxinación enfermiza. Eles marchaban ao cabo dun tempo sen engadir máis nada.

O caso é que nunha ocasión, penso que despois do interrogatorio habitual, decateime de que se detiñan no medio do camiño cara a saída para murmurar entre eles, co seu ton metálico e sen maior espírito que o que se podería agardar dunha pedra. Mais un berro terrible, que eu crin procedente do mesmo inferno, interrompeu a conversa, rachando tamén aquel inquebrantable silencio eternamente presente. Calaron e botaron a andar coas súas zancadas de cegoñas fúnebres, na busca da orixe daquel son gutural. De alí a un pouco, un par, dous, varias ducias de voces comezaron a falar entre elas. Eran escasamente perceptibles, e non lograba entender nada do que dicían, mais si, sen dúbida algunha, eran humanas. Como a miña, non como as dos bechos eses dos traxes e cadernos acabados de estrear. Non. Estas eran cálidas, doces e melódicas incluso. Eran o que tanto tempo levaba agardando: unha proba de que non era a única dentro do seu Buraco.

Convencínme de que tiña que escapar de alí. E buscar o xeito de que os demais tamén puidesen ser libres, volver á vida que tiñan antes de chegar a aquel lugar indescribible. Xa tiña resolto como deixar atrás os seres dos traxes, era tempo de preparalo todo. Despois de moito observar, descubrín que había un punto cego entre a entrada e un dos tabiques laterais. A porta batía nunha táboa podre que sobresaía do chan, deixando un oco entre ela e a parede, que con sorte e grazas á escasa luz da habitación, podería agocharme durante uns intres, o xusto para fuxir cara ao corredor.

Aquela mesma tarde puxen en marcha o plan. Nada máis escoitar as pisadas, oculteime nun recuncho e contiven a respiración para pasar desapercibida. A

chave virou varias veces na pechadura. O pasador deslizouse, as caravillas subiron e o meu pulso comezou a acelerar considerablemente. Entraron coma sempre e deixaron a porta aberta, mais non me viron onde a fenda, o cal lles causou uns segundos de desconcerto. Craso erro que eu, loxicamente, aproveitei. Arrinquei a correr como antes na vida, descalza e coa adrenalina baténdome nas tempas. Sorprendentemente, eles non saíron na miña persecución.

Eu non tiña nin idea de onde estaba a saída, deixábame levar polos camiños labirínticos do edificio. Pasaba unha esquina, viraba á dereita, á esquerda e volvía aparecer no mesmo punto. Corría en círculos. Pero ese non era o peor dos males. Un tremor comezou a axitar os muros, cada vez con maior intensidade. As paredes romperon, mentres anacos de teito caían ao meu carón. Seguí correndo desesperada, pero sempre remataba no mesmo lugar: a entrada do Buraco. Negábame a volver.

O terremoto fíxose maior, co cal aumentou a súa forza devastadora. Os muros semellaban de papel ao seu paso. Entón comecei a escoitar voces berrando en agonía detrás das portas, suplicando que alguén abrise. Os sons eran moi distintos entre si. Algúns eran de cachos de formigón caendo no corredor, outros eran de cristais fragmentándose. E tamén había uns que parecían onomatopeas producidas polos corpos sólidos impactando noutros máis brandos, ósos crebándose e salpicaduras ata o chan. Alí decateime de que non podería escapar. Mais xa era tarde, porque un tramo dunha viga de madeira se desprende do teito e caeu sobre o meu cranio.

O último que recordo é que volví esperar no Buraco, cos bechos dos traxes ao meu carón facendo preguntas, mentres pasaba unha man pola caluga, notando un líquido quente escorregando entre os meus dedos.

## Relatos do Samaín

# O verán que morreu o Tío Xosé

Miguel Palmer 1º

A historia que vou contar ocorreu o día 8 de agosto do ano pasado. Era un día de feira, así que como cada día de feira, fomos Xan, Brais, mais os seus primos de Barcelona, Jordi, Lara e mais eu a dar voltas coas bicicletas entre a xente. Como era costume, quedamos a comer polbo coas nosas familias e despois marchamos a casa de Xan a xogar ao Fornite, cousa que tamén se estaba convertendo en costume desde que se rompeu a depuradora da piscina municipal.

Despois dunha tarde de Fortnite entre risas e pelexas entre nós, chegou a hora de ir á casa para cear, pero non sen antes quedar para despois e facer unha partida de AmongUs en versión realista.

Eu sempre son o primeiro en rematar de cear, así que saín da casa e fun buscar a Xan. Os dous collimos as lanternas e iamos polo camiño do forno á casa de Brais e mais os seus primos. Polo camiño xa estabamos organizando quen ía ser o impostor e mais os tripulantes. Dende a aira berrámoslle a Xan e saíu a súa nai pola ventá para dicir que xa baixaban os tres. Lara traía unha bolsa cuns papeliños dentro para sortear quen ía ser o impostor e que os demais non o soubesen. Sen dúbida era a máis espelida dos cinco.

Cando camiñabamos polo medio da vila, vin por riba das casas o vello ciprés do cemiterio e ocorréuseme que podíamos facer a partida alí. A cousa podería ser divertida entre os nichos e os panteóns. A Jordi, que era un pouco máis vello ca nós, pero criado na capital, xa lle empezaron a tremer as pernas e a Lara, que como xa dixen, era máis espelida, non lle pareceu boa idea, pero entre risas, conseguimos chegar fronte a cancela de ferro do cemiterio. Entramos e pechouse cun tenebroso berro, o cemiterio encheuse de néboa, tentamos abrir a cancela, pero estaba pechada. Xan lembrou que había unha porta do outro lado, corremos polo cemiterio, pero de súpeto vimos un grupo de xente, levaban unha capa negra e unhas lámpadas de aceite,



e cando camiñaban facían un ruído de cadeas. Lembrei unha historia de medo que escoitei no colexio e para protexerse había que facer un círculo no chan. Collín unha rama do ciprés e debuxei, nese intre, Brais dixo que no grupo había un señor maior que lle parecía coñecido. Xan viuno e dixo que era o seu bisavó, o tío Xosé, e gritou -Tío Xosé!-. Todo o grupo levantou a cabeza, todo se encheu de néboa e desapareceron. Fomos correndo á casa, sen mirar atrás.

Cando espertamos, Xan chamounos e dixo que o seu bisavó contoulle que estaba moi enfermo e que se iamos ao cemiterio non berráramos por el. Esa noite tamén fomos, vimos o mesmo grupo de xente e eu debuxei outra vez o círculo no chan, pero esta vez camiñaban co tío Xosé cara a unha porta, e cando a tocaban convertíanse en fume. Cando se foron todos volvemos a casa a dormir.

Ao día seguinte, pola noite volvemos ao cemiterio por curiosidade. Apareceu o grupo sen o tío Xosé e debuxei o círculo, pero, esta vez, empezaron a dar voltas ao redor nosa, todos estabamos moi nerviosos, pero a Lara ocorréuselle que como todo comezou como unha partida de AmongUs, podíamos facer igual que no xogo e botar a alguén a ver o que pasaba. Todos acusamos a un do grupo e, de súpeto desapareceu cunha estraña voz que dicía -URCO ERA UN IMPOSTOR-. O resto semellaban abraídos, e nós aproveitamos para fuxir, e cando saímos prometemos que nunca lle contaríamos isto a ninguén nin volveríamos a xogar en terra santa.

## Na penumbra

Alejandro Martínez 2º ESO

-A min dáme medo a noite porque as cousas máis terribles sempre ocorren na penumbra e na máis profunda escuridade. Iso era o que lle contaba a súa avoa á miña nai, é dicir, á miña bisavoa Lola:

- Un día deses que tiña que ir ao monte buscar as cabras, unha delas perdeuse, pola rifa que me ían botar na casa púxenme a buscala ata que se fixo de noite. Eu escoitaba os berros da cabra cada vez máis preto, pero non conseguía atopala, de súpeto, como acercándose a min empecei a ver como unha especie de candís, todos en procesión. Nese intre alegreime de saber que non estaba soa. Tras pasar un chisco deime de conta que o que estaba a ocorrer non era cousa deste mundo. Os pelos dos brazos e das pernas puxéronseme de punta, agocheime rápido entre unhas luces e apaguei o facho, alí caladiña escoitei como ían rosmando algo todos á vez, eu xuraría que ían en procesión, pero sen tocar o chan. Non puider ver rostros, eran túnicas negras que ían camiñando. Pasado un anaco aquilo foi desaparecendo e eu morta de medo, tentando marchar para casa tropecei coa miña cabra, collina e



marchamos correndo. De camiño atopeime co meu pai que viña na miña procura, deille unha aperta moi grande e el correspondeume dicindo: iso que viches eu tamén o vin, o medo que ti pasaches é o medo que hai que ter cando te atopas coa "SANTA COMPAÑA". O meu pai non dixo nada máis, colleume da man e fomos para a casa. Isto aconteceu hai moitos anos cando eu era unha nena. ( Contáballe a miña bisavoa á miña nai) pero recorda, filla, a SANTA COMPAÑA está aí fóra, cando aparece na penumbra vén e faino por algún motivo, coidado con ela!

Así chegou a SANTA COMPAÑA ata os nosos días pasando de avós a netos.

# Gústanos saber de vós: Eva Rodríguez

Equipo de Dinamización da Lingua Galega



Eva Rodríguez foi alumna do IES Martaguisela e actualmente é pediatra en Atención Primaria en Valladolid.

Grazas Eva, por termos atendido tan amablemente.

**1- Para comezar gustaríanos saber cal foi a túa traxectoria profesional ata chegar ao teu traballo actual.**

Como xa sabedes fixen o Bacharelato no Instituto Martaguisela, decidínme por Ciencias da Saú-

de xa que tiña claro que ía enfocar o meu futuro cara esa rama. Tras realizar o exame de Acceso á Universidade escollín Medicina en Santiago de Compostela, onde estiven seis anos facendo a carreira. Un cambio moi grande xa que non só foi empezar unha nova etapa nos estudos senón a nivel persoal: independizarte, coñecer xente nova, novas experiencias...

Ó rematar Medicina fun a Oviedo a preparar o exame MIR que me daría acceso á especialidade que quería facer. No meu caso puiden escoller Pediatría e as súas áreas específicas en Santiago de Compostela. Así que de novo fixen a maleta para volver alí durante catro anos.

Finalizada a etapa de MIR, a miña situación persoal levoume a vir a Valladolid a traballar, onde actualmente me dedico á pediatría en atención primaria.

**2- Sempre quixeches ser médica? E pediatra?**

Desde que me pregunto que quero ser de maior sempre pensei que estaría relacionado coa saúde. É algo que sempre tiña presente na miña casa xa que os meus pais son sanitarios e desde pequena chamábame a atención.

Que quería ser pediatra creo que aínda o tiña máis claro. Fascíname a forma de entender o mundo que teñen os nenos, a inocencia, a curiosidade por todo, o cambio tan espectacular nas diferentes etapas, dende que nacen ata que chegan á adolescencia...

**3- Poderías explicarnos en que consiste un día teu de traballo?**

O meu día a día consiste en pasar a consulta nun centro de saúde atendendo ós pacientes en idade pediátrica (por debaixo dos catorce anos). Nesta consulta inclúense os controis do neno san (as revisións que todos fixemos de pequenos) coa vacinación correspondente; e as consultas de problemas de saúde que poden ser do máis variadas.

De forma puntual, tamén traballo no hospital realizando gardas nas Urxencias de pediatría.

**4- Cantas horas dedicas á túa formación fóra do traballo?**

A formación fóra do traballo é continua. Aínda que o ideal sería ter tempo para facelo na xornada laboral, a realidade é que fóra del hai que investir a maioría de tempo. A Medicina é algo dinámico, evoluciona, e se non continuas formándote quedas atrás.

**5- Contas con todos os recursos necesarios para desenvolver**

**plenamente o teu traballo?**

Recursos materiais hai, aínda que non sempre son os necesarios nin suficientes; pero ó final acabas adaptándote ó que tes. Creo que aínda son máis importantes os recursos humanos, que son clave para ter tempo de atención e dedicación a cada paciente e así poder evitar a sobrecarga a que estamos expostos en moitos casos.

**6- Como levaches estar en primeira liña contra a covid? Pasaches medo ante o risco de contaxio do persoal sanitario?**

Inicialmente con moita incerteza xa que non sabiamos a que nos enfrontabamos. Dunha semana a outra a forma de traballar cambiou, tiñamos que realizar a consulta de forma telefónica co medo de que algo se nos pasase por alto. Sempre a primeira impresión do paciente ó entrar cóntanos moito e perdimos esa parte tan importante, sobre todo falando de nenos. No caso da poboación pediátrica tivemos a sorte de non ter complicacións importantes pero si moitas dúbidas, moitas veces esa chamada era simplemente tranquilidade para as familias.

O risco de contaxio sempre está presente. O medo xa non era só por enfermarse eu, senón que enfermases os meus achegados, creo que esa foi a peor parte.

**7- Como se notou o confinamento e/ ou as medidas restritivas?**

O confinamento permitiu controlar os contaxios aínda que tardou en notarse o efecto. As medidas restritivas, sobre todo o distanciamento social, demostran que son unha medida efectiva, pero difícil de levar a cabo de forma estrita despois de tanto tempo.

**8- Cres que hai un recoñecemento especial da profesión médica e sanitaria na sociedade?**

Ó inicio da pandemia si que creo que houbo recoñecemento especial, que agradecemos, xa que é o traballo que facemos a diario pero nesta ocasión nunhas circunstancias especiais e cun risco engadido.

Pero tamén é unha profesión en ocasións maltratada e cada vez máis desgastada, con xornadas laborais nalgúns casos moi longas e que non rematan ó finalizar a consulta, moito volume de pacientes con pouco tempo para a atención... Por iso reivindicouse moitas veces que se mostrase ese apoio tamén noutras circunstancias nas que pedimos melloras laborais que cremos que a parte de beneficiarnos a nós benefician os nosos pacientes.

**9- Ao comezo, dispoñades de todo o necesario para a protección individual?**

Dispoñiamos de material pero non abundante, non se sabía tampouco canto tempo ía durar esta situación nin canto material ía chegar, así que ó principio vímonos obrigados a "reutilizar" material e sobre todo non malgastar.

**10- Utilizouse a atención primaria con eficacia durante a crise da covid?**

Creo que se utilizou e séguese utilizando con eficacia. Foi a primeira barreira para poder despistar patoloxía suxestiva de Covid e resolver outras consultas sen necesidade de medio hospitalario.

Durante o confinamento, inicialmente non dispoñiamos de probas e era o primeiro paso para valorar casos sospeitosos e sobre todo a gravidade do caso.

Actualmente, fai un papel clave no rastrexo, diagnóstico rápido



e seguimento tanto de pacientes Covid positivo como os seus contactos, e así aplicar as medidas de corentena e illamento o antes posible.

**11- Que esperanza podemos ter nas vacinas e en que prazo pensas que volveremos á normalidade?**

Esperanza nas vacinas toda. A vacinación é unha das mellores estratexias de prevención que temos. En España temos a sorte de ter un calendario de vacinación moi completo que como sabedes céntrase sobre todo na inmunización durante a infancia. Non dubidamos dos beneficios de vacinar ós pequenos, incluso vacinas que non están financiadas e recomendamos son moi ben aceptadas. Isto fai que diminúan de forma moi significativa moitas enfermidades, algunhas das cales nunca tiven, e espero non ter, que diagnosticar. Polo tanto temos que pensar que esta estratexia de vacinación tamén ten que ser eficaz, e estou convencida que será o que nos devolva á normalidade, pero non me pododo aventurar a dicir en canto.

**12. Que consellos lles darías aos estudantes do noso IES que es-**

**tean pensando en dedicarse á medicina?**

Anímoos a intentalo, claro que si. Creo que todo o que fagan, xa sexa na rama sanitaria ou non, ten que gustarlles, pode haber partes que máis e outras que menos, pero ten que xerar inquietudes, ganas de aprender e mellorar, e o bo vai superar todas as dificultades que poidan atopar. En concreto falando de Medicina pode parecer que todo é estudar e estudar, pero atoparán a recompensa ó poder aplicar todos eses coñecementos en axudar á xente.



# Semana de Erasmus+ no IES Martaguisela

Rose Marie Deus Seijo. Profesora de Inglés. Coordinadora de Programas Europeos

Chegado o final do proxecto Erasmus+, quixera, ante todo, agradecer a colaboración de todos os membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado, persoal non docente e familias) que fixeron posible durante estes anos o desenvolvemento do mesmo co seu esforzo e dedicación.


Non foi fácil, e menos en tempos de pandemia, adecuar as tarefas do devandito proxecto ás obrigacións diarias de todos. Con todo, o resultado foi moi satisfactorio e podemos dicir que, a pesar das horas investidas, o que prevalece é a idea de que puxemos o noso granciño de area para preservar o noso patrimonio e facelo visible aos países membros co traballo e o empeño de todos. Dar a coñecer noutras latitudes a nosa vila, os nosos costumes e tradicións, é sen dúbida un motivo para expor no futuro outros proxectos.

Durante os días 10, 12, 13 e 14 de maio, tivo lugar a última reunión do proxecto D.E. C. H. (Dimensions of European Cultural Heritage) do ERASMUS+ de forma telemática, na que participou profesorado e alumnado do noso centro educativo. Esta semana cultural serviu para reencontrarnos cos alumnos e profesores dos centros colaboradores europeos de Polonia (país organizador e coordinador do proxecto), Grecia, Croacia, Romanía, A Martinica e España. Nestas reunións presentáronse lendas de cada país, acrósticos e caligramas e expuxéronse as propostas feitas en cada centro durante as mobilidades, no noso caso, os instrumentos antigos do Pórtico da Gloria, con fotos, vídeos e a aplicación de móbil que

detallaba cada instrumento co seu son, ademais dunha visita virtual do Pórtico da Gloria e da Catedral de Santiago de Compostela.

Os socios polacos, que eran os anfitrións nesta última mobilidade, estableceron visitas guiadas a dous museos (Zacheta e Wilanow), ademais de actividades como Escape Rooms, Kahoots e a presentación de varias lendas polacas. O feito de dividir o grupo xeral en grupos máis pequenos facía posible unha comunicación máis fluída co resto dos participantes e daba pé a intercambiar máis información entre os participantes.

Sen dúbida, foi unha experiencia moi positiva para todos e desexamos participar en máis proxectos Erasmus+ no futuro porque como di o seu lema estes proxectos van: **“enriquecendo vidas, abrindo mentes”**.



# Entretenimento asegurado con Andrea Maceiras!



**Miguel Ortiz e Biel Moral - 3º ESO**

Andrea Maceiras é unha das mellores escritoras de literatura xuvenil en galego. Naceu no ano 1987 na Coruña. É doutora en Filoloxía Hispánica e licenciada en Filoloxía Galega. Actualmente compaxina o seu traballo como profesora de secundaria coa creación literaria. Hoxe imos falar de dúas grandes novelas da escritora galega:

**Europa Express:** Este libro trata dun grupo de amigos que recordan a súa viaxe en interrail por Europa despois do descubrimento dunha postal na que aparecen dous dos personaxes a bicarse.

A partir dese momento van lembrando a viaxe polas preciosas cidades de Europa: Praga, Venecia, Budapest, Odense...

Os principais personaxes da novela son Beatriz, unha das nosas personaxes favoritas, Aroa, demasiado reservada e misteriosa na nosa opinión, Óscar, que no fondo é humilde e amábel, Mia, moi presumida, Piero, que sempre está aí para axudar aos seus amigos e o noso personaxe preferido, sen lugar a dúbidas, Xacobe, imprescindible no desenvolvemento da novela.


**Nubes de Evolución:** Os tres protagonistas da historia son Amanda, Uxía e Luís. Amanda é unha rapaza nova que está a criar unha nena

despois de que o rapaz co que a tivo se desentendera da paternidade. Uxío é tamén un rapaz novo, mal estudante e rebelde, fillo de pais divorciados e que mantén unha relación cunha rapaza que non lle convén. Luís é profesor de instituto, é viúvo, a súa muller tamén se chama Ánxela e ten unha mala opinión das xeracións máis novas.

Os tres personaxes teñen varios encontros entre eles que van terminar por afastalos, pero un día, a aparición dunha pintada na estación cunha frase da canción Angie dos Rollings Stones, que se pregunta cando desaparecerán as nubes, fai que os tres atopen os seus puntos en común. Así, farán un pacto para atoparse na propia estación só cando consigan refaceren as súas vidas.

Se non lestes estes libros recomendámosvos porque as obras de Andrea Maceiras son excepcionais.

Na charla que tivemos con ela, online, por mor do coronavirus, Andrea Maceiras informounos de moitos detalles da súa vida que lle preguntamos entre todos, falou dos seus estudos, da súa profesión, pero tamén contou moitas cousas das súas novelas e dos seus proxectos futuros. Pasámolo xenial! Andrea Maceiras é moi amable e divertida.



# Oportunidades de emprego cando se acabe a covid: Onde? Aquí!

**Alumnado de Economía- 4º ESO -1º BACH.**

A pandemia mundial que estamos a sufrir levou por diante millóns de empregos e negocios. España, con un sector turístico moi importante, está a sufrir moito. Porén, esta crise trouxo novos hábitos de traballo e consumo que quizais chegaron para quedar, por exemplo, o teletraballo e o comercio online.

A necesidade de traballo a distancia pode motivar no futuro oportunidades de emprego en sectores e profesións novas relacionadas coa robótica, ciberseguridade, programación, marketing dixital e a medicina preventiva.

Tamén no ámbito da educación haberá cambios. A pandemia demostrou que non todos estamos preparados para afrontar unha modalidade de educación a distancia.

O alumnado de Economía de primeiro de bacharelato e cuarto da ESO, estivesmos a investigar sobre novos xacementos de emprego poscovid. Contámosvos os resultados das nosas pescudas:

1. Formación online. As oportunidades están na creación de contidos multimedia e a creación de empresas que contén con persoal docente que poida atender ao alumnado de forma remota. Para os máis cativos, será preciso crear contidos que vinculen o entretemento coa educación.

2. Acceso a sanidade. No caso de saturación de ambulatorios e hospitais, hai oportunidades de traballo relacionadas co diagnóstico online.

3. Axuda a maiores e desfavorecidos. Segundo datos do INE, en España hai máis

de dous millóns de fogares unipersoais de maiores de 65 anos. Servizos a domicilio para que estas persoas poidan estar atendidas na súa casa. Ademais, faise precisa unha metodoloxía para afrontar a brecha tecnolóxica conectando voluntarios con persoas maiores.

4. Benestar na casa. Desenvolver iniciativas relacionadas coa alimentación, dietas personalizadas, actividades deportivas dirixidas en streaming coa posibilidade de velas en diferido, venta online de complementos e suplementos naturais e deportivos, ioga, meditación, etc.

5. Acceso á cultura. O posCovid-19 vivirá unha recuperación do consumo cultural en vivo, pero tamén haberá oportunidades para emprender na dixitalización de espectáculos culturais e facilitar a participación en eventos remotos.

**Polo tanto, aínda que esteamos en período de crise, con iniciativa e traballo, sempre haberá actividades económicas con potencial de emprego!**



# “Soño a miña pintura e pinto o meu soño”

Vincent van Gogh

Unha pequena mostra das obras dos artistas do noso Bacharelato de Artes, xeniais!



## Sen excursión en 4º da ESO?

Andrea Paradelo 4º ESO

Este ano como alumna de cuarto da ESO que son, e creo que falo por todos, encantaríame ter unha excursión de fin de curso que poida lembrar, como sucedía todos os anos anteriores, ata que o "fermoso" coronavirus chegou para non marcharse. Por culpa da pandemia perdémonos a de 3º da ESO, pero algún de nós (eu incluída), aínda tiña a esperanza de que este ano fose distinto. Ambos cuartos tivemos varias saídas fóra do recinto escolar para ir ao río, e facer un voluntariado "obrigatorio", non nolo teñas en conta

prefe! Todos o pasamos xenial. Alí fixemos diversas observacións para a realización dun mapa, recollemos datos da flora e a fauna da zona, e medimos os distintos parámetros do río. Con todo isto aprendemos unha chea de cousas que non se aprecian a primeira ollada. Por tanto, creo que ás veces para pasalo ben xuntos non é necesario ir lonxe, á fin e ao cabo dentro duns anos lembrarás ás persoas e non os lugares, xa que estes poderás visitalos despois, pero nunca coa mesma compañía.



## Aprendendo dos clásicos

Ana Lozano, profesora de Latín

A través da materia de Cultura clásica o alumnado de 3º ESO aprende a comprender o mundo actual a partir do descubrimento da historia, a forma de vivir e os valores da Antigüidade clásica, que constitúen un importantísimo referente da nosa sociedade actual. Deste xeito o alumnado unha vez estudada a arte clásica e as súas diferentes expresións elaborou mosaicos sobre os signos zodiacais. Isto deulle a oportunidade de coñecer como se adornaban as casas e edificios públicos, así como de interesarse pola mitoloxía, pintura e astronomía. Para isto elaboraron un padlet (encerado colaborativo) sobre a constelación, o mito do signo zodiacal e ademais buscaron cadros famosos referentes a ese mito. Por último, investigaron que personaxes famosos pertencen a ese signo.



# Ola PDC, de novo !


Ana María Fernández, Orientadora do IES Martaguisela

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, abreviando e con familiaridade, coñecida como **LOMLOE**, trae de novo aos centros educativos os Programas de Diversificación Curricular. Estes programas comezaron coa **LOXSE** (Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo), desaparecían coa **LOCE** (Lei Orgánica 10/2002 de 23 de decembro, de Calidade da Educación), que non se implantou, volveron coa **LOE** (Lei Orgánica 2/2006, de 3 maio, de Educación e foron substituídos polos Programas de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento na **LOMCE** (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, de Mellora da Calidade Educativa). Semella que falamos de séculos, pero todo isto ocorreu en só tres décadas.

Mediante o Programa de Diversificación Curricular (PDC), que abrangía dous cursos, 3º e 4º de ESO, o alumnado con baixo rendemento académico anterior, accedía á titulación de Graduado en Educación Secundaria e foron moitos e moitas as persoas beneficiadas.

Polo contrario, o Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento (PMAR), comezaban en 2º, seguían en 3º e, ao chegar a 4º curso, devolvían ao alumnado a un 4º ESO "ordinario" coa pretensión de que conseguirían rematar e titular. Na práctica, a maioría non o conseguía, empezando polo feito de que despois de dous cursos de adaptar o currículo en grupo, en 4º curso tiñan que seguir o currículo ordinario.

**Volvendo á súa regulación na LOMLOE**, esta establece no seu artigo 27 de novo, que o PDC se iniciará en 3º ESO e se



orientará á consecución do Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Previsiblemente durará dous cursos e entenderase a 4º de ESO. En Galicia, non sabemos aínda se contaremos con esta medida para o curso 2021/2022, faltando ademais o desenvolvemento normativo correspondente.

Permítaseme a graza de pedir desculpas polo embrollo legal e o abuso das siglas, completamente alleos, iso si, á miña vontade. E concédaseme tamén o privilexio de darlle de novo a benvida á nosa querida "Diver".

Ata logo, vaia ben, aos Programas de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento, benvidos de novo **os Programas de Diversificación Curricular!!!**

## Que a sorte vos acompañe!

### Claustro de profesores e profesoras

Foron, para vós, estes días, alumnos e alumnas de 2º de bacharelato, as derradeiras xornadas de clase e intenso estudo.

Remata aquí o esforzo e dedicación duns anos cos seus contratemplos. Sortear a difícil situación da pandemia resultou un dos maiores desafíos, tanto para vós como para nós, os vosos profesores e profesoras. E iso leavedes tamén nas vosas mochilas, as lembranzas de momentos de sacrificio intelectual, de crecemento persoal, e os instantes de riso compartido, de lecer; non esquezades quen estivo con vós nestes últimos pero lembre especialmente aos que vos alentaron nos primeiros: familia, amigos e como non, o profesorado.

A partir de agora toca andar por outros camiños, empezar empresa nova, comezar o que agardamos sexa unha etapa abondosa en entrega e traballo, que os éxitos virán tarde ou cedo! Parabéns aos graduados! E non fai falta dicir que os que aquí quedamos sentímonos felices coa vosa felicidade e agardamos que volvedes polo centro a compartila!



# O noso alumnado é responsable

Sandra Ramos, Marta Álvarez, Marta Zaharia- 2º Bach

*Tres alumnas da materia de Economía, xunto coa súa profesora Clara Vizcaya, deseñaron un plan de responsabilidade e sustentabilidade con medidas para a comarca e mesmo para o noso centro. Estas foron, en síntese, as ideas eixe do traballo, algunhas, relacionadas coa eficiencia enerxética e a reciclaxe, xa se puxeron en marcha este curso.*

- 1- PROMOCIÓN de campañas de reciclaxe desenvolvidas polo alumnado.
- 2- ASISTENCIA ás residencias para facer un voluntariado cos anciáns para facelos máis felices.
- 3- TRATAMENTO do tema da obesidade entre os mozos e mozas. TENTAR que a cafetería do instituto substituíse a docería e os fritos por alimentos máis saudables como a froita.
- 4- PREPARACIÓN por parte do alumnado de paquetes de comida e ENTREGA a organizacións benéficas que ofrezan este servizo ás persoas necesitadas.
- 5-ORGANIZACIÓN dun mercadinho. A xente traería a roupa ou calzado que xa non usara para vendela como roupa de segunda man e para darlle unha segunda vida. FACER un Vinted pero en físico e utilizar os fondos recadados para dar ás familias máis necesitadas.
- 6- PROMOVER a integración de alumnado procedente doutros países mediante actividades nas que estes poidan sentirse aceptados. Por exemplo no caso do alumnado procedente do estranxeiro, poderíamos facer algunha clase para aprender o seu idioma e así poder comunicarnos con eles. Esta iniciativa axudaría á convivencia.
- 7-PLANTAR cada clase podería unha árbore ou diferentes plantas, dependendo dos gustos, e encargácese do seu coidado.
- 8-LEVAR A CABO xogos ou actividades que fomentasen a confianza entre o alumnado da mesma clase tentando evitar así calquera situación de acoso.
- 9- REUTILIZACIÓN e reciclaxe de certos produtos que foron empregados como papeis, cartón, mesas vellas...
- 10- REDUCCIÓN da altura dos teitos, a instalación de sistemas de recuperación da calor e o control das luces interiores mediante sensores de presenza para aforrar enerxía.
- 11- DESENVOLVER un programa de doazóns de libros que xa non se utilizan a Cruz Vermella, Cáritas...
- 12- PARTICIPACIÓN dos estudantes en comisións ambientais xestionando e levando a cabo pequenos proxectos encamiñados á redución de consumos, emisións de CO<sub>2</sub>, recursos e

residuos.

13- INVESTIMENTO na aplicación didáctica das tecnoloxías para mellorar o modelo de aprendizaxe e, ademais, impulsar a innovación educativa.

14-INSTALACIÓN dunha rede de hortos nos cales o alumnado poida aprender dunha forma práctica como cultivar verduras e hortalizas e compartir os produtos do horto cos seus compañeiros a través do comedor.

15-REALIZACIÓN de talleres para fabricar bolsas de tea reutilizada para levar o bocadillo e aumentar as excursións ao medio natural, para fomentar a aprendizaxe e aumentar un vínculo coa natureza.

16-ADQUIRIR equipo informático eco-friendly.

17-CHARLAS impartidas polo centro ou actividades no centro para a comunidade educativa:

- Presentación, en todos os cursos, sobre a importancia da reciclaxe.
- Charlas sobre o medio, e sobre a importancia de axudar ao mundo. Como crear un plan de seguimento para non contaminar.

18- SAÍR co alumnado en itinerarios relacionados co medio:

- Visitas a lugares contaminados, para concienciar ao alumnado das súas accións e visitas ecolóxicas.
- Visita da planta potabilizadora de Valdeorras.

19- DESEÑAR actividades relacionadas coa infraestrutura do centro:

- Aumentar os lugares de recollida de papel, plástico, pilas, cartuchos de tinta...
- Reciclaxe de materiais que poden ser útiles para a clase de artes, por exemplo, latas de refrescos, caixas de ovos, rolos de papel hixiénico...
- Concurso "A aula máis limpa do mes".

20- ACCIÓNS a realizar con toda a comunidade educativa:

- Recollida de medicamentos para reciclar (caducados) ou recollida de medicamentos que non estean caducados para enviar as ONG.
- Recollidas de material para reciclar ou reutilizar, ademais de doar libros que xa non se utilicen ao centro, por exemplo, cando se pase de curso.

21- ESTUDOS de concienciación sobre a sustentabilidade no centro:

- Concienciación sobre o mal uso do papel, sobre a perda da auga ou o custe da calefacción: realizar cálculos do gasto que lle supón ao centro e da repercusión ao medio ambiente.
- Achegas de ideas a través da colocación dunha caixa de suxestións ou a través de realización de enquisas.

22- OUTRAS ACCIÓNS a levar a cabo en departamentos e sala de profesores:

- Recollida de CD inservibles.
- Recollida de cadernos pequenos ou papeis para reutilizalos.
- Reconverter papel usado por unha soa cara en cadernos servibles.

23- OUTRAS ACCIÓNS a realizar co alumnado:

- Horto escolar.
- Reciclaxe de material escolar.
- Reciclaxe de mochilas ou roupa que non estea en malas condicións.













## Recomendamos... Ler!

Fronte a sobredose actual do uso das pantallas non podiamos esquecer, outro curso máis, esta sección de recomendacións literarias en papel que os vosos profesores e profesoras vos fan. A lectura é clave no desenvolvemento educacional, persoal e emocional, clave para a felicidade e o éxito, quen diga o contrario non tivo aínda a fortuna de descubrir o que o hábito de ler pode chegar a facer por el ou por ela! E por que, ademais, querido alumnado, ler axuda á comprensión de textos, mellora a gramática, o vocabulario e a escritura, estimula o razoamento e o pensamento crítico e mesmo a confianza á hora de falar. **Pero sobre todo, un libro é o antídoto contra o aburrimiento e a soidade, estes onde estes.**

**Rei, María**

*Flores de ferro*

**Beard, Mary**

*Mulleres e poder : un manifesto*

**Muñez, Fernando J.**

*La cocinera de Castamar*

**Haddon, Mark**

*O curioso incidente do can á media noite*

**Portabales, Arantza**

*Beleza Vermella*

**Miranda, Xosé**

*Pel de lobo*

**Concostrina, Nieves**

*Pretérito imperfecto*

**Camillieri, Andrea**

*El perro de terracota*

**Negro, Carlos**

*Non cantan paxaros neste bosque*

**Moreno, Eloy**

*Invisible*

**Riordan, Rick**

*El oráculo oculto*

**Verne, Jules**


*A volta so mundo en oitenta días*

**Mallorquí, César**

*Las lágrimas de Shiva*

**Lozano, David**

*Desconocidos*



## Breves



**Samaín -**  
Gañadores do concurso relatos de terror: Miguel Palmer, Alejandro Martínez, Antela Roo. Parabéns! Algúns disfraces, profesorado e alumnado, polo noso Samaín terrorífico



# Breves



Gañadores do concurso fotográfico Revelando a Xela

**Día das Letras.** Gañadores do concurso Revelando a Xela: Belén Soria, David Cao, Esther Vega, Fernando López, Diego Nogueiras, Xulia Pizcueta, Daniel Blanco, Nicolás Martínez, Andrea Paradelo e Sara Mallo. Parabéns artistas! A foto gañadora no concurso do centro Comercial Aberto foi a de Daniel Blanco. Noraboa!



**Día de Rosalía.** Recitado de poemas, vídeo e agasallo floral aos participantes.



**Congreso de Jóvenes Expertos.** O cambio climático. Raúl Álvarez, Carlota Delgado, Matheus Pereira foron os nosos exitosos ponentes. Parabéns!



**8 de marzo.** Día da muller. Exposición de fotografías "A muller importante na túa vida"

# Breves



Día contra a violencia de xénero. Un muro de caixas solidarias contra o maltrato!



Entroidada no Martaguisela! Con distancia e seguridade pero o entroido entrou nas aulas e saíu ao patio!

# Breves



**Proxecto escaleiras** con versos de mulleres poetas galegas.



Participación do alumnado de ESO nas xornadas de Galicia.



**Gañadores do concurso** de vídeos Informatizate da Escola Técnica Superior de Enxeneraría da USC para secundaria: Mario Prada e Martina Cid. Parabéns!



**Día do libro.** Photocall quixotesco e ilustracións do alumnado.

A pandemia non nos detivo! E foron moitas as iniciativas e actividades! Se queredes saber máis detalles seguides ao voso centro, se non o facedes xa, na nosa web <https://www.edu.xunta.gal/>

# Especial aniversario



O curso 1970-71 o primeiro instituto do Barco de Valdeorras, o noso centro Martaguisela, **arrancaba andaina**, abandeirado tamén por ser o único centro con Bacharelato e por inaugurar, o ensino mixto na comarca.

Desde entón, miles de alumnos e alumnas teñen pasado por estas aulas, mudadas na súa aparencia por reformas necesarias durante estes cincuenta anos, pero coa mesma esencia, contribuír, desde a EDUCACIÓN, así con maiúscula, ao progreso da sociedade, dotándoa de coñecementos e valores e fornecendo a cultura e o espírito, e en definitiva, investir en capital humano para crear unha sociedade formada e polo tanto máis xusta e próspera, máis libre e máis feliz.

Que un centro de ensino cumpra anos é sempre un motivo de dobre celebración, por unha banda para os habitantes da vila pero especialmente para os moradores actuais e pasados do instituto. E así o fixemos, coas limitacións impostas polas medidas sanitarias, quixemos abrir o libro de recordos á xente de Valdeorras, ofrecéndolle espazos -libres de covid- para renderlle homenaxe ao que fora o seu centro. As páxinas que veñen a continuación son algunhas das testemuñas, profesorado, alumnado e persoal do centro, que quixeron estar deste xeito. Pero houbo outras iniciativas, destapamos a placa conmemorativa do aniversario, plantamos unha oliveira no patio e quixemos facer un mural permanente na fachada do centro co antigo alumnado, co actual e mesmo con alumnos que pasarán ao instituto o vindeiro curso. O traballo foi dirixido por Gerardo Rodríguez, artista local, e o seu Irmán Manolo Rodríguez, tamén exalumnos do centro, desde aquí vaia para eles o noso agradecemento.

**Grazas a todos e a todas os que participastes e estades a participar nestas actividades e parabéns! por ter formado parte desta familia, por que, ao fin, fora como fora, houbo convivencia e quedaron vínculos, por iso as portas desta casa sempre estarán abertas para todos vós!**

**Nota:** Foron moitos os que, nestes días de celebración, se interesaron pola orixe do nome do centro, **Martaguisela**. Sentimos non poder aclaralo, pois o seu significado pérdese moi lonxe, no principio dos tempos, cando case todo era leira, e as versións populares ao respecto son dispares e mesmo exóticas. En todo caso, como dixo Albert Einstein, e ben podería ser o sentido da educación:

***“O importante é non deixar de facerse preguntas”.***

# Crónica dun tempo feliz

**Rita Vázquez Domínguez, profesora de Francés e antiga directora do IES Martaguisela**

Nunca antes fomos a Valdeorras. A actividade profesional levounos a estas fermosas terras de xisto e viño a onde chegamos tras descubrir os míticos codos de Larouco daquela estrada-serpe que fora calzada romana, coa filla de poucos meses no capacho. Axiña sentimos o afecto e a consideración das persoas, que nos agasallaron con cinco dos mellores anos da nosa existencia. Na memoria colectiva perduraba viva a lembranza do tío Javier, químico na factoría de Cedie.

Durante os anos que pasei na dirección do centro educativo, resultaran moi tensas as negociacións co Delegado de Educación, don Manuel, quen chegara a lles comunicar ás nais e aos pais do alumnado que tiñan unha directora moi dura na loita por conseguir melloras para o instituto. Fora unha etapa de importante presenza feminina no exercicio da función directiva: precedéranme no cargo dúas grandes profesionais, Florina e Marisa. O clima de convivencia entre os compoñentes dun claustro de profesores que daquela non chegaba a trinta foi magnífico, coa implicación xenerosa e entusiasta de todos nas moitas actividades educativas e extraescolares que se organizaban, así como nas celebracións culinarias e festivas fóra do centro. A proximidade laboral e vivencial reforzou o recordo dalgúns nomes daqueles días: os conserxes Josefina, Manolo, Carmiña e Rafa; os administrativos Isabel e Joaco; os compañeiros Cortés, Antonio Fortes, Paulo Porta, Toxeiro, Castrillo, Paquiño (Serantes), Ángeles, Munín, Marisa, Florina, Sueiras, Mari Ángel, Charo, Jorge Mejuto, Pascual, Julio (L. Castelá e L.), Paco (Iglesias), Giráldez, Manolo (X. e Historia), Mari

Carmen, Juan, etc. (a miña consideración e cariño para todos os non mencionados, por falta de memoria e de espazo).

No relato das tarefas e actividades acometidas, quero subliñar apenas algunhas: inauguración do remodelado salón de actos coa exitosa escenificación por parte do alumnado do centro dunha obra de Blanco Amor e con espléndida decoración do profesor de Debuxo Carlos Hormigo; intercambio escolar coa Escola de Educación Secundaria de Chaves; actuacións do grupo de teatro Caritel de Ourense; conferencias de personalidades das nosas letras e artes, como Uxío Novoneyra, Xoaquín Lorenzo Xocas, O Carrabouxo, etc.

Con todo, a vivencia máis especial foi o nacemento do noso segundo fillo, sempre orgulloso da súa condición de valdeorrés, que trouxo durante días ao cuarto de convalecencia do Hospital comarcal o agarimo de amigos, alumnos, compañeiros e nais e pais de escolares.

Despois de tantos anos, os encontros con antigos alumnos e alumnas seguen despertando o sentimento recíproco de cariño e recoñecemento.

As relacións de amizade e simpatía mantéñense firmes despois de máis de trinta anos e refórzanse cada vez que temos ocasión de retornar a esa terra onde nos sentimos moi queridos e integrados desde o primeiro momento.

As emocións vividas naqueles anos de entusiasmo e gozo seguen acompañándonos no camiñar vital. **A nosa gratitude eterna para as xentes de Valdeorras.**





## A cancela vermella

Nora Piay, antiga alumna do centro

A cancela vermella foi o primeiro que vin cando cheguei ao Martaguisela. Grande e imponente, dábanos a benvinda para os seguintes seis anos. Seis anos, unha eternidade. Con que nervios atravesei eu aquela cancela vermella a primeira vez. Coa mochila ao lombo, miraba ao meu arredor: dúcias de caras novas, grupos de descoñecidos dando apertas e contando as novidades despois do verán. Soou a campá. Alí non había filas, senón pelotóns. Na entrada, o olor a cortiza e a libros novos entroume polo nariz; detrás da fiestra, o sorriso amable da conserxe agardaba por nós. Aquel edificio parecía un labirinto, os corredores estreitos e cheos de xente, empuxóns, rumores, risas. Os profesores abríanse camiño echamaban á orde, tarefa inútil entre tanta emoción. Notas de papel voaban polos aires, o chan tremía co movemento de mesas e cadeiras, alguén no encerado golpeaba a lousa co xiz e chamaba a berros ao silencio. Recordo pensar a ver como ía facer eu para sobrevivir a todo ese caos.

Seis anos máis tarde os bicos e as apertas na cancela vermella marcaban a fin daquela época de axitación. Entre vestidos elegantes, fotografías e bos desexos, lembrabamos os momentos que pasamos xuntos desde aquel primeiro día que quedaba



tan lonxe na memoria. As caras descoñecidas convertéronse en compañeiros e compañeiras de viaxe, en amizades indispensables, en anacos de lembranzas que gardaríamos coma tesouros. Foron anos de construír historias inesquecibles, de crear vínculos tan fortes que aínda non romperon, de desafiar o que eramos e o que queríamos ser.

A min, as aulas do Martaguisela ensináronme a medrar a través das diferenzas, a perseguir a curiosidade e a descubrir novos intereses. Cos meus compañeiros e compañeiras, aprendín a pertencer, a unir e a tolerar, pero tamén a levantar a voz, a defender e a protestar. O instituto é un tempo de ruído e desorde. E aínda así, entre o barullo, fomos capaces de atoparnos.

## O vivido

Mercedes Arias Fernández. Profesora de Bioloxía e antiga vicedirectora do IES Martaguisela

O meu vínculo con terras galegas chegou de nena, pero nunca tería imaxinado con esa idade, que o meu crecemento como profesional da ensinanza se produciría precisamente ás beiras do río Sil, na veciña comarca valdeorresa. Cando o centro naceu, alá por 1971 eu tiña 7 anos e cando cheguei ao "meu instituto", ao IES MARTAGUISELA, 27 anos despois, en setembro do 98, abríronme a porta como se me estivesen esperando. Pódoo afirmar literalmente. Ao acceder á porta, a que é agora a miña amiga, Conchi Iglesias saudoume, presentouse e díxome: - benvinda, vou cara á biblioteca, queres coñecela?

É precisamente esa porta a que xamais se volveu pechar para min. Pero vivir ten isto, cando a vida te sorprende, lévate, achégate e ofrécete posibilidades, vas construíndo o teu camiño e o dos outros que comparten espazos, lugares e vivencias, pasando a formar parte da túa propia vida. Ao realizar unha mirada retrospectiva, enlazo a miña vida coa do instituto e observo un cruce de camiños nestes 50 anos. Máis dun quinto da miña vida discorre paralelamente á do centro. Pasei alí máis de 10 anos, nos cales o persoal e o profesional transcorren ao mesmo tempo. Son moitos días, meses e anos imposibles de resumir neste texto.

Horas convividas e compartidas cuns 1.200 alumnos e moitos compañeiros que bolen na miña cabeza, formando o imaxinario da miña vida. Este período foi o que me afianzou na miña profesión, o que confirmou que me podía dedicar a isto, por iso estou eternamente agradecida a ese espazo e tempo que o IES Martaguisela me brindou, como algo máis que un lugar de traballo.

Quero resaltar que para que se cumpran estes 50 anos, moitos puxeron a súa vida na engrenaxe deste funcionamento diario. Parabéns a todos os que cada día enchedes estas aulas para que continúe o importante labor da ENSINANZA. Bótasevos de menos.

**NUNCA TE RINDAS, QUE A VIDA É ISO, CONTINUAR A VIAJE.**  
MARIO BENEDETTI.



Mercedes é a segunda pola dereita

## Que é o Martaguisela para min?

Ana Benilde Rosa Santos

Un día preguntáronme que era o IES Martaguisela para min, no momento non souben contestar, había moitos sentimentos remexidos dentro de min, agora, tres anos despois da fin do meu paso polo centro creo saber o que significa.

O Martaguisela constitúe seis anos da miña vida, a transición de nena a adolescente, miles de recordos. Recordos como cando retomei o teatro da man de Marta, cando escribín por primeira vez na revista do instituto, as clases de informática, as matemáticas que se me complicaban, os listenings tan míticos, escoitar dicir ABAU mil veces nun só día, as clases de técnicas de laboratorio ou tódalas excursións que fixemos.

Falando de excursións, lembro con cariño todas mais especialmente a de Vigo e illas Cíes. O plan da excursión era sinxelo, ir a desfrutar das praias, do zoolóxico e fomentar a convivencia. O primeiro día fomos a Samil; pasamos alí parte da tarde, e á volta deixáronnos tempo para ir pasear coa condición de estar á hora no hotel; a verdade non sei como fixemos pero perdémonos e tivemos que acabar preguntando para chegar ao punto de encontro (Google Maps non funcionaba). Chegamos xustos para refrescarnos e ir dar un paseo todos xuntos. O día seguinte nas Cíes pasou algo similar, acabamos por non ir ao faro.

Agora doume conta da paciencia que tiñan e continúan a ter os profesores e profesoras, tanto os que seguen no instituto, coma os que

xa marcharon. Tamén o resto do persoal que constitúen o instituto: conserxes, orientadora, persoal da cafetería, persoal de limpeza... Aguantáronos ás veces

non era tarefa sinxela. Grazas por todo o que nos aportastes e ensinantes.

Quedan no tinteiro moitas palabras, persoas, lembranzas... os cales me acompañan nesta andaina na que agora estou.

As novas xeracións que están no Martaguisela, dígovos que deixedes o voso graño de area no centro, create os vosos recordos e sobre todo vivide cada momento porque o tempo corre veloz.

Grazas a todos por contribuír a que eu sexa quen son, sen vós non sería a mesma.



Ana Benilde, no centro

# A importancia do IES Martaguisela

**Antonio Castro Voces, antigo alumno da primeira promoción do centro**

A apertura do IES Martaguisela supuxo un importante fito no mundo da educación valdeorresa. Abriunos de par en par as portas á posibilidade de que os rapaces e rapazas desta bisbarra puidésemos cursar estudos secundarios antesala dos estudos universitarios posteriores. Fomos moitos os que pasamos polas súas aulas antes de emprender rumbo cara ás universidades do resto do país.

Este centro constituíuse en base ó decreto 2307/1969 de 13 de setembro polo que se creaban as Seccións Delegadas Mixtas do Barco de Valdeorras, adscrito ó Masculino de Ourense, a de San Sebastián da Gomera, adscrito ó Masculino de Sta. Cruz de Tenerife e o de Vilafranca do Bierzo, adscrito ó de Ponferrada. O decreto, a proposta do Ministerio de Educación e Ciencia e previa deliberación do Consello de Ministros foi aprobado na súa reunión do 12 de setembro de 1969; reunión celebrada en San Sebastián e asinado por Francisco Franco e José Luis Villar Palasí.

Referente á Sección Delegada do Barco indícase que se crea en base ó constante aumento da poboación escolar, a carencia dun centro oficial de ensino medio e a existencia dun elevado número de alumnos procedentes da ensinanza primaria que necesitan continuar os seus estudos e non posúen os medios económicos indispensables para o seu desprazamento fóra dos seus domicilios.

As instalacións do novo Centro foron inauguradas e bendicidas de maneira solemne o 13 de setembro do 1970 coincidindo coas festas do Cristo "asistiendo el pueblo en masa" e as autoridades provinciais e locais presididas polo

Gobernador Civil. A apertura de curso tivo lugar o 14 de setembro de 1970 presidida polo reitor da Universidade de Santiago Dr. García Garrido e a lección inaugural estivo a cargo do prof. Dn. Samuel Lago Fdez., primeiro Delegado Xefe de Estudos e Director desta Sección Delegada.

Foi o 15 de outubro de 1970 ás 4 da tarde cando se celebrou a primeira reunión do claustro de profesores que estaba formado por:

D. Samuel Lago Fernández .....Licen. Filosofía e Letras  
 D. Manuel Gayoso Díaz .....Crego  
 Dª. Áurea Santos Sevilla.....Licen. Ciencias Físicas  
 Dª. Emilia Fernández Silvela.....Licen. Filosofía e Letras  
 Dª. Florentina García Galán.....Licen. Filosofía e Letras  
 Dª. Isabel García Martín.....Licen. Filosofía e Letras  
 Dª. Carmen Doval Rodríguez.....Licen. Filosofía e Letras  
 D. Ricardo Mosquera Graña.Licen. Ciencias Químicas  
 D. José María Blanco García.....Licen. Ciencias Químicas  
 Dª. Belen Lozano González.....Debuxo  
 Dª. Mª Dolores Paz Domínguez.....Formación Espírito Nacional  
 D. Enrique Gilpérez Gilpérez.....Formación Espírito Nacional  
 Dª. Pilar Alejandre Andrés.....Ensinanza do Fogar  
 Dª. Jovita Álvarez Álvarez.....Educación Física nenas  
 D. Francisco Vidal López.....Educación Física nenos

Vinte anos máis tarde, o 9 de maio de 1990 reuniuse o Consello Escolar e no punto 3º da orde dise que o Sr. Director debe propoñer ó Consello abrir un período de recepción de propos-

tas para a denominación do Centro baseándose nas seguintes razóns:

1.- Evitar a posibilidade de confusión con outros organismos públicos do concello.

2.- A obrigatoriedade de redactar na lingua vernácula os selos e timbres do centro, fai que este sexa o mellor momento para decidir a denominación definitiva. Por iso, "Solicita se presenten propostas no que queda de curso".

Así se fixo e na reunión Ordinaria do 26 de xuño de 1990, trata o tema e o Sr. Director presentou os resultados dea votación entre o alumnado. Os tres máis votados foron:

- Valdouro.....87 votos.

- Juan Giral.....49 votos.

- Os Barrancos.....39 votos.

Na votación celebrada no claustro de profesores, os resultados foron:

- Campo de Martaguisela.....14 votos.

- Valdouro.....13 votos.

- Teixadal..... 12 votos.

O Sr. Director -Rodríguez Rico, José Manuel-, propón que o Consello faga unha votación entre os 5 nomes propostos polos alumnos e os profesores. Celébrase a votación co seguinte resultado:

- Valdouro.....3 votos.

- Juan Giral.....3 votos.

- Martaguisela.....5 votos.

Por conseguinte o Consello Escolar aprobou que a denominación do centro sexa "Instituto de Bacharelato Martaguisela". Este ano celebra o cincuenta aniversario; 50 anos ó servizo da sociedade valdeorresa. ¡Parabéns a toda a súa comunidade educativa -mestres, alumnos e pais-!

## Recordos

**José María Rodríguez**



*José María foi alumno da primeira promoción do noso centro. Con este texto participaba na edición dunha revista que vía a luz polo 25 aniversario do IES Martaguisela. Hoxe xa sumamos outros 25, pero mantén viva e ben presente esta lembranza.*

"O recordo é o único paraíso do cal non podemos ser expulsados". Os recordos: un crese que os matou o tempo ou os esvaeceu a ausencia daqueles con quen os compartimos, pero aparece unha data como esta e resulta que sacaran billete de ida e volta.

Aquelas pequenas cousas que nos deixaron catro cursos de cabazas

e rosas aparcados nun recuncho da memoria ou nun caixón dentro dun álbum de fotos. Están alí como un ladrón axexándote detrás dunha esquina, sen sabelo estás á súa mercé como as follas de outono que o vento arrastra alá ou aquí e pousando na nosa memoria fannos rir ou chorar cando ninguén nos ve.

Vinte e cinco anos no discorrer do día a día non parecen nada pero ao tentar evocar aqueles primeiros cursos do Instituto, como bailan os datos, como se esvaece as imaxes; así que non me estraña amigo Gerardo que penses que Dna. Isabel nos dera francés: será porque termos como africado, gutural, etc, que adornaban as clases do alfabeto fonético da lingua española te confundan co paso do tempo as neuronas e penses que proceden dese país asiático que está por encima dos Perineos, pero é que Isabel a parte dunha cariñosa charanga, só nos deu Lingua Española.

Martaguisela, por aquel entón, nin imaxinabamos que se fose a chamar así, neste instituto inculcáronos unha forma, non moi importante, porque por motivos que non veñen a conto aquí e agora, estaba mediada e apenas cinco anos despois cambiaría na súa totalidade, pero á súa vez no noso subconsciente medrou un fondo, o modo de chegar a ser e o pouso para conseguir ter unha determinada personalidade na vida. Axiomas como a verdade, a sinceridade e a amizade permitíronme percorrer este último cuarto de século e foi alí onde me empapei de semellantes conceptos.

Posdata: Sami sinto que para que me gustase Mozart tivese que esperar uns cantos anos ata ver a Robert Redford co gramófono por toda África, pero aos 16 anos e co frío que ía no patio apetecía máis saltar co Raio de Sol dos Diablos. Entendo que polo noso ben seguises ou tentases impoñernos a máxima de Confucio. «Estudar equivale a pulir a pedra». A forza de culturala purifícase o espírito. Eu, en particular, tería preferido a Séneca: **«Estuda non para saber algo máis senón para saber algo mellor».**

# Recordo no 50º Aniversario do IES Martaguisela

**María Concepción Iglesias Gutiérrez, profesora de Grego e antiga directora do IES Martaguisela**  
**Xosé María San Román Rodríguez, profesor de Xeografía e Historia**

A idea de escribir unhas palabras dedicadas aos 50 anos do primeiro Instituto de Bacharelato da comarca de Valdeorras provoca moitas emocións, tanto desde o punto de vista académico como no persoal. A nosa incorporación á docencia no Barco, a finais do século pasado coincidiu cun momento clave do seu motor económico, o conflito laboral no sector da lousa no ano 1991; foi o sinal de que esta rocha formara parte das nosas vidas como obxecto de estudo e de divulgación. Chegamos coa enerxía e a ilusión de quen non cumpríu os trinta anos e ansían aprender todo e de todos. Nun momento no que a sociedade da vila amosaba unha grande vitalidade, nós ampliábase os nosos coñecementos e exerciamos o noso labor profesional en diferentes ámbitos (tamén no organizativo) e intentabamos levarlos máis alá da aula con actividades que permitían unha relación diferente co alumnado e entre compañeiros. Entre os numerosos recordos desta etapa está o momento de poñer nome ao centro e elixir o seu logotipo; despois de moitas alternativas o nome de consenso foi "Martaguisela". Logo chegou a celebración dos 25 anos, daquela tiñamos como referente á profesora de Lingua Castelá e Literatura, Florina, que participara no nacemento do centro.

Outra das experiencias daqueles días, foron as Xornadas de Xagoaza, nas que participou activamente a nosa compañeira de Xeografía e Historia da Arte, Marisa, e que foron o punto de encontro da cultura e a industria de Valdeorras. No Mosteiro de Xagoaza durante uns días realizábanse interesantes exposicións e ciclos de conferencias onde o alumnado se encargaba de presentar os relatores, así establecíanse estreitas relacións entre a comunidade educativa do centro.

Tamén nos vimos envoltos nos numerosos cambios das sucesivas reformas educativas da ensinanza secundaria. Merecen mención especial os estudos do INGABAD que permitía a moitos rapaces e rapazas ou persoas de idade adulta rematar a actividade académica para acadar unha maior promoción profesional. Entre os momentos máis agradables recordamos os magostos da Raña, no que participaba toda a comunidade educativa do instituto e nos que Carmiña, era a mestra de cerimonias. Neste período tamén foron no persoal, anos de profundos cambios, as nosas



Chema e Conchi, primeiro e segunda pola esquerda

dúas fillas son barquenses, as súas primeiras cancións foron en portugués e as primeiras verbas en galego, "colo, colo". Sentimos nostalgia do centro educativo e de Valdeorras, por iso intentamos volver con frecuencia, ou mellor dito sempre que existe unha oportunidade de estar no "noso centro". A experiencia "Martaguisela" en todos os campos foi única e imborrable, a nosa gratitude enorme por permitírnos compartir eses cursos académicos con todos vós.

**Feliz quincuaxésimo aniversario para toda a Comunidade Educativa do IES Martaguisela!**

## Había que deseñar un logo representativo deste 50 anos.

Para elixilo puxemos en marcha un concurso entre o noso alumnado de Artes. **Houbo moitas propostas interesantes...pero había que elixir unha. E a obra gañadora foi a da alumna Belén Soria. Parabéns!**



Imaxe do proxecto do logo da autora



O logo xa na placa final e coa frase de Miguel de Cervantes, mensaxe universal de esperanza nun complicado momento presente, como foi un curso escolar en pandemia.



## ACTO DE CELEBRACIÓN DO 50 ANIVERSARIO DO IES MARTAGUISELA

# “A arte da educación debe navegar, pois, con velas amplas e ventos plurais”



No acto de celebración do 50 aniversario do noso centro, a alumna Sandra Ramos, lía, ca serenidade que a caracteriza e a emoción que compartía con todos os alí presentes, un texto extraído do libro *Todos somos Ulises*, de Xavier Seoane, un completo resumo do que debemos entender por educación, o que da senso ao noso traballo diario, o que traerá esperanza ao ser humano na procura dun mundo mellor, máis xusto e libre. Era o 14 de maio, e agora queremos compartilo con todos vós. Foi lido nun acto discreto, como exixían os protocolos sanitarios, pero emotivo, se cadra as notas ben acompañadas do violín do alumno de 3º de ESO Daniel Blanco axudaron a facer dese día unha data inesquecible para todos os que nos sentimos orgullosos de formar parte do IES Martaguisela.

Xavier Seoane  
*Todos somos Ulises*

Por unha educación democrática e humanista



XERAIS

A arte da educación debe navegar, pois, con velas amplas e ventos plurais. Unha educación que se valore non pode render os seus velames aos poderosos embates do productivismo ou dun progreso parcial ou nesgadamente entendido. Porque a educación non pode devir crasamente

tecnocrática e instrumental. Debe crear os fundamentos para unha arte de vivir que harmonice co *logos e techné*, ética e estética, realidade e desexo, vida biolóxica e alento espiritual. Que procure o deleite, utilidade e labilidade que se agacha \_ na entraña das tecnoloxías e das ciencias, mais tamén nas artes e nas letras, na ética e os seus valores, nas disciplinas sociais... Nese sentido si que a educación debe ir máis aló da instrución. Como a vida debe alentar máis aló da mera profesión ou da pura subsistencia ou materialidade.

Trátase de conciliar traballo e vacación, deber e liberdade, satisfacción das necesidades básicas e realización persoal, *homo sapiens, faber e otiosus*, podendo a persoa dedicarse tamén á familia, contorno, amizades, entregándose aos seus praceres e inclinacións e cultivando o seu espírito cos bens da cultura e os bálsamos e virtudes do ocio e a relación, converténdcse en *destino de si mesmo*.

A excelencia da escolarización mídese pola súa capacidade cognitiva e instrutiva, así como polo fornecemento do maior e máis óptimo número de recursos e destrezas, mais fundamentalmente polo seu nivel educativo e a súa dimensión moral, espiritual e estética.

Para o pedagogo francés Alain, a instrución proporciona a orde externa. A educación, a interna.

A educación é, pois, o mellar alicerce da condición humana; abranguendo, en perfecta harmonía, unha sólida instrución. Ese fértil xogo de vasos comunicantes pode acadar a plenitude dunha ánfora cristalina e refrescante, como se enche na fonte Castalia.







M  
O  
S  
A  
I



50 ANOS



Concurso LOGOS  
50 aniversario



*Bach Artes*




*Campaña "Revelando a Xela"  
Concurso fotográfico*



*Ata o vindeiro curso  
Bo verán!*



*Gracias á ANPA pola súa colaboración*



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega